



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### - CONVENIO/BASES REGULADORAS DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA: FESTIVAL DA LUZ 2019 ENTRE O CONCELLO DE BOIMORTO E A MERCANTIL: ZIRCOZINE, SL (CIF: B-70114129) -

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto da Coruña, a data da sinatura dixital, REUNIDOS:

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez, Alcaldesa do Concello de Boimorto con DNI N<sup>o</sup> 44814623C.
- D. Francisco Castroman Santos, Administrador da mercantil ZIRCOZINE SL con DNI N<sup>o</sup> 44808919C.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN:

- Que o "Festival de la luz" celebrese anualmente no Concello de Boimorto dende fai xa oito edicións, é unha proposta de carácter lúdica, con fins de interese social e público e comprometida coa difusión da nosa cultura, comprometida e reactivadora do medio rural potenciando dito medio como espazo de oportunidades e sendo fiestra de iniciativas e proxectos innovadores relacionados coa artesanía, gastronomía, novas tecnoloxías, que da visibilidade rexional, nacional e incluso internacional a produtos, tradicións, iniciativas e asociacións da provincia, da comarca e do Concello, sendo polo tanto, fiestra turística e reactivadora do noso termo municipal, do noso rural, comercio e actividade e da nosa cultura, tradicións e costumes.
- Que a mercantil ZIRCOZINE SL é a entidade organizadora do evento e que ten os dereitos de exclusividade debidamente rexistrados respecto do citado festival.

O Concello de Boimorto, pola súa banda, é competente para a colaboración prevista neste convenio, de conformidade ao disposto no artigo 25.2 apartados h) e m) da Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril.

No citado precepto legal se indica que os Municipios teñen competencia propia ao amparo da lexislación sectorial autonómica en materia de turismo e cultura e o fomento e apoio a este Festival entra dentro do exercicio de ditas competencia propias municipais considerando a relevancia da celebración dun evento destas características ano tras ano neste termo municipal no que participan veciños e asociacións do mesmo.

Dado o interese coincidente do Concello coa a mercantil ZIRCOZINE SL (CIF: B-70114129), ambas partes ACORDAN Formalizar o presente convenio de colaboración conforme a as seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre el Concello de Boimorto e a mercantil ZIRCOZINE SL (CIF: B-70114129) para subvencionar a edición do "Festival de la Luz - 2019" que se celebrará neste termo municipal os días 6,7 e 8 de setembro de 2019.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.-

A mercantil ZIRCOZINE SL levará a cabo as actividades programadas no citado festival conforme o seguinte orzamento:



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## ORZAMENTO

PERSONAL	SEN IVE	IVE	CON IVE
PERSONAL DE PRODUCCIÓN E ORGANIZACIÓN	5.000	0	5.000
PERSONAL DE TAQUILLAS, BANCO DE MONEDAS, PARKING E MERCHANDISING	3.500	0	3.500
PERSONAL DE CAMERINOS Y STAGE MANAGERS	1.000	0	1.000
PERSONAL DE CARGA E DESCARGA	4.500	0	4.500
PERSONAL DE MONTAXE, MANTENIMENTO E DECORACIÓN	4.000	0	4.000
PERSONAL DE MERCADO E BARRAS	1.500	0	1.500
PERSONAL DE ZONA INFANTIL	1.000	0	1.000
SEGURIDADE SOCIAL (CUOTA EMPRESA)	5.800	0	5.800
<b>TOTAL</b>	<b>26.800</b>	<b>0</b>	<b>26.800</b>
<b>VIAXES, COMIDAS E ALOXAMENTO</b>			
VIAXES	7.500	750	8.250
COMIDAS, DIETAS E CATERING	3.000	300	3.300
ALOXAMENTO	15.000	1.500	16.500
ALUGUER DE VEHICULOS	600	126	726
<b>TOTAL</b>	<b>26.100</b>	<b>2.676</b>	<b>28.776</b>
<b>CONTRATACIÓN DE SERVIZOS</b>			
PLAN DE SEGURIDADE E CONTRATACIÓN DE SEGURIDADE PRIVADA	18.000	3.780	21.780
CONTRATACIÓN DE SEGUROS	800	0	800
MENSAXERÍA	600	126	726
RESTORÍA E ASESORÍA XURDICA	1.500	315	1.815
<b>TOTAL</b>	<b>20.900</b>	<b>4.221</b>	<b>25.121</b>
<b>INFRAESTRUTURAS</b>			
ALUGUER DE ESCENARIOS	32.000	6.720	38.720
ALUGUER DE CARPAS	33.260	6.985	40.245
ALUGUER DE LUCES, SON, PANTALLAS E BACKLINE	42.277	8.878	51.155
ALUGUER DE MALLAS E MAQUINARIA	10.000	2.100	12.100
ALUGUER DE MÓDULOS PARA ASES, TAQUILLAS E OUTROS	38.000	7.950	45.950
ALUGUER DE EXTINTORES	500	105	605
SUMINISTRO ELÉCTRICO	30.000	6.300	36.300
<b>TOTAL</b>	<b>184.037</b>	<b>39.148</b>	<b>223.185</b>
<b>COMPRA DE MATERIAS E VARIOS PRODUCCIÓN</b>			
MATERIAS DE CONSTRUCCIÓN E DECORACIÓN	3.000	630	3.630
IMPRESIÓN DE LONAS, PROGRAMAS, SINALIZACIÓN, ETC	3.700	772	4.472
ENTRADAS, PULSEIRAS E ACREDITACIÓN DE CONTROL DE ACCESO	1.800	378	2.178
MONEDA DO FESTIVAL	1.700	357	2.057
MATERIAS DE CAMERINOS	200	42	242
MATERIAS DE LIMPEZA	500	105	605
OUTROS	432	91	523
<b>TOTAL</b>	<b>14.632</b>	<b>2.995</b>	<b>17.627</b>
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>			
ZONA INFANTIL	3.700	777	4.477
CLUTIVANDO DEPORTE	1.500	315	1.815
CARPA DE CINE E TEATRO	900	189	1.089
SHOWCOOKING	300	63	363
<b>TOTAL</b>	<b>6.400</b>	<b>1.344</b>	<b>7.744</b>
<b>COMUNICACIÓN</b>			
AGENTES DE PRENSA E COMMUNITY MANAGER	1.500	315	1.815
CAMPAÑAS PUBLICITARIAS EN MEDIOS	4.500	945	5.445
DESEÑO E ELABORACIÓN DE MATERIAS PROMOCIONAIS	3.500	735	4.235
<b>TOTAL</b>	<b>9.500</b>	<b>1.995</b>	<b>11.495</b>
<b>CONTRATACIÓN DE ARTISTAS</b>			
CACHÉS DE ARTISTAS	100.000	21.000	121.000
<b>TOTAL</b>	<b>100.000</b>	<b>21.000</b>	<b>121.000</b>
<b>TOTAL</b>	<b>384.369</b>	<b>72.368</b>	<b>456.737</b>

## INGRESOS PREVISTOS

PLAN DE FINANCIAMENTO			sin Iva	Iva	con Iva
<b>FONDOS PÚBLICOS</b>			<b>182.937,00</b>	<b>16.009,96</b>	<b>198.946,96</b>
Concello de Boimorto	Subvención pública	Solicitada	80.000,00	0,00	80.000,00
Agrupación	Subvención pública	Concedida	26.699,00	0,00	26.699,00
Deputación de A Coruña	Alquiler Mercado da Deputación	Aprobado	39.254,00	8.243,34	47.497,34
Fest Galicia	Alquiler de espacio	Aprobado	22.314,00	4.685,94	26.999,94
Mercado Medio Rural	Alquiler de espacio	Aprobado	14.670,00	3.089,70	17.759,70
<b>FONDOS PRIVADOS</b>			<b>201.632,00</b>	<b>29.742,72</b>	<b>231.374,72</b>
Fundación Faldeta	Colaboración privada		50.000,00	0,00	50.000,00
AIE	Subvención privada		10.000,00	0,00	10.000,00
Empresas patrocinadoras	Patrocinios privados		101.632,00	21.342,72	122.974,72
Puestos del mercado	Alquiler de espacios y ventas en el Mercado de la Luz	Estimado	20.000,00	4.200,00	24.200,00
Público general	Venta de Merchandising	Estimado	4.000,00	840,00	4.840,00
Público general	Servicio de apartamiento	Estimado	16.000,00	3.360,00	19.360,00
<b>TOTAL</b>			<b>384.569,00</b>	<b>45.752,70</b>	<b>430.321,70</b>



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### III.- FINANCIACIÓN MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS DA ACTIVIDADE OBXECTO DA SUBVENCIÓN.-

1. O Concello de Boimorto contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 80.000,00 €, que representa unha porcentaxe de 17,54 % sobre o total do gasto da actividade.

No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só aportará o importe que represente o 17,54 % da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos).

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e se perderá o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 334.47900.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción de outras subvenciones ou axudas, públicas ou privadas, para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total del gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.-

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle a entidade beneficiaria da subvención: ZIRCOZINE SL.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a citada mercantil, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 de la Lei 38/2003, del 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a ZIRCOZINE SL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que ZIRCOZINE SL tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle ao Concello un exemplar do proxecto modificado.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.-

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de Boimorto.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obrigación.

### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.-

A achega do Concello seralle abonada á Asociación unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación final, subscrita polo representante legal xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.  
Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto.

No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Boimorto.

3. Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Tendo o Festival segundo se declara fin solidarios que nesta edición son:
  - a) Asociación Anxiños, destinada a atención de nenos e adolescentes con trastornos mentais graves.
  - b) ASANOG, Asociación de axuda a nenos oncolóxicos de Galicia.

Deberá xustificarse o importe obtido da venda entradas a dito Festival e a coincidencia entre a recadación obtida por entradas e a entrega de fondos con fins solidarios na súa contía, probándose así a non obtención doutros ingresos non declarados.

6. Certificación da conta bancaria.
7. Proba do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.-

1. As actividades que son obxecto de financiamento municipal, tal como están descritas na cláusula primeira realizaránse na anualidade 2019 edición Festival de la luz días 7, 8, 9 de setembro.

2. Unha vez finalizadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 30 de novembro de 2019.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de Subvencións poida corresponderlle.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a mercantil beneficiaria terá dereito ao abono dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.-

1. A mercantil ZIRCOZINE SL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, có Concello de Boimorto e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigacións poderá realizarse mediante declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando ao Concello para que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias co Concello será determinada por este de oficio.

### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.-

1. A mercantil ZIRCOZINE SL destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

Só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a A mercantil ZIRCOZINE SL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificados e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.-

1. Segundo acordo plenario de sesión celebrada en xuño de 2016 este expediente será remitido á Excm. Deputación Provincial da Coruña para control financeiro reintegro e sancións no seu caso.

A realización dun control financeiro sobre a subvención paga, ten como finalidade acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2. Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a mercantil ZIRCOZINE SL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.-

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación e seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

### XII.- INCORPORACIÓN AO REGISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.-

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da mercantil ZIRCOZINE SL serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de subvencións, a concesión da subvención será obxecto de publicación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.-

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo aos efectos de imputación dos gastos e abarcará os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2019, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2019, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Para o caso de que a a mercantil ZIRCOZINE SL non poida ter presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2019, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que o Concello poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, o Concello poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de decembro de 2019. A esta data, o convenio quedará



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

definitivamente extinguido, de forma que a citada mercantil perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada en dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e despois dos informes pertinentes de Secretaría Intervención, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.-

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Alcaldía, logo dos informes previos preceptivos de Secretaria Intervención.

3. Corresponderanlles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno do Concello de Boimorto.

E en proba de conformidade, asinan un exemplar do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A alcaldesa – presidenta,

Administrador de ZIRCOZINE SL

Asdo.- M.ª Jesús Novo Gómez.

Asdo.- Francisco Castroman Santos.

